



Escribo contra Kavafis.  
A cidade vai comigo,  
derrotándome.  
Estragáronse hai tempo  
os trens de proximidade  
que levan a Itaca.  
Envolto en certezas descubro  
que a viaxe é sempre circular.  
En espiral adéntrome no labirinto de Morris,  
na Illa das Esculturas,  
orixe do mapa,  
cun soneto de Petrarca na boca:  
"si non é amor, ¿que é isto que eu sinto?"  
A illapeirao dun porto desaparecido  
nos vapores dun río selva.  
O río –anaconda amazónica de Pontevedra–  
engóleme.  
Eu fico extasiado pola trabada mortal.  
E recorro as ruínas  
cos ollos cheos de escuridade.

Xaime Toxo

## PONTEVEDRA

Escribo sobre a cidade para perderme nela.  
Escribo para desaparecer,  
a miña esperanza é o anonimato.  
Escribo contra Kavafis e contra Teseo,  
a condena do Minotauro acompáñame.  
Os muros da cidade son o meu propio corpo.  
As rúas polas que camiño  
conforman o palimpsesto das urbes que  
habitei.

As mesmas pedras que toco na Ferrería  
servíronme de asento en Efeso.  
A confusión da Praza das Cinco Rúas  
evócame un perdido café do Soho,  
onde leo a Rubi.  
O eco da miña voz resoando na Pedreira  
oíno unha noite de chuvia namorada en Amsterdam.  
Sentín o mesmo,  
con trinta anos de diferenza,  
unha madrugada tras da Basílica de Santa María  
que sentado nas escaleiras de San Martiño Pinario,  
en Compostela.

